

## **PRESENTACIÓN**

O presente Informe que acompaña ós Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 aporta datos dos orzamentos iniciais das catro deputacións provinciais galegas do ano 2006, de acordo coa Disposición adicional terceira do actual Estatuto de Autonomía que establece que os orzamentos das deputacións provinciais galegas uniranse ós da Xunta , dentro do marco xeral de coordinación coas administracións locais de Galicia.

Os orzamentos aquí analizados, ano 2006, xa reflicten os primeiros resultados na composición de ingresos destas facendas provinciais, coas primeiras manifestacións dos reequilibrios da estrutura dos recursos cos que se conta como resultados das novidades lexislativas que nesta materia están en vigor.

Este Informe consta de dúas partes: a primeira aborda o estudio dos orzamentos de 2006 comparándoos cos de 2005 de acordo coa clasificación económica e coa agregación a nivel de capítulos, analizando cada orzamento provincial de xeito separado.

Nunha segunda parte, analízase a evolución recente dos orzamentos iniciais das deputacións. O período analizado abarca desde 2001 ata 2006.

Santiago de Compostela, setembro de 2006